

A GALIÑA AZUL, DE CARLOS CASARES.

Sentados nuns taburetes. Programa de tertulia, destes da tarde.

(Uns chupando un chupachup, picoteando chuches...)

1- Benvidos unha mañá máis a “PICOTEANDO” un programa da TVG. Comezamos cun tema de máxima actualidade.

2- Estes días toda a atención mediática está posta no pobo de Toén. Acordádesvos de Lourenzo?, un rapaz que xa estivo neste programa por causa da singularidade da súa galiña?

3- O que chegou na compañía dun can pequeniño de rabo zuro?

4- Zuro, que é zuro, OS DA TV-GA ---- sacádesvos unhas palabras da manga ---- que non hai ningún fillo de veciño que as entenda

3- Co rabo cortado, rabelo!!

2- O do rabo do can a min tamén me interesa, cortoullo el, o veterinario ou naceu o can sen rabo? Isto por se non os sabes está penado pola lei.

5- Este tema está de tremenda actualidade xa que no Congreso dos Deputados os nosos políticos acaban de III-LEGALIZAR a amputación dos rabos dos cans por motivos estéticos.

2- Pois que queres que che diga, hai quen opina----- que cortarlle o rabo ao animal nos primeiros días de nacer é algo parecido ao burato que se lles fai na orella aos nenos/ as.

1- Parade!!! Hoxe non imos falar de cans, nin dos rabos dos cans, nin de buratos nas orellas, HOXEE estamos aquí POLA GALIÑA.

4- Ah! Pois a miña nai cúrtalles o pico as galiñas para que non coman os ovos.

5- Pois iso tamén o hai que levar ao Congreso dos Deputados, A GALIÑA ESTÁ A SUFRIR!

2- (Xa un chisco farto) Falabamos de LOURENZO e da súa GALIÑA AZUL, unha galiña moi bonita e moi rara.

1- Que pon ovos de cores. Xa puxo dous amarelos---- un rosa -----e tres verdemar. ...Ademais non di cacaracá como as outras galiñas, senón que di ---COCOROCÓ (marcando ben a onomatopea).

3- (Ao seu) Pois a cor de moda deste ano é o verdemar, está moi presente en todas as pasarelas. (contando cos dedos) Na de Milán, Na de París, Na Pasarela Galicia Fashion Week...

1- A VOOSSS o de centrar a atención cústavos, EH?

2- O caso é que esta situación ten preocupadísimos aos nosos gobernantes, Claro! **Todo o que sexa diferente e innovador, non interesa.**

1- Non o sabes ti ben! Tan preocupados están, que hai catro días chegoulle un oficio – Para os alumnos BARRA as LOMCE- Un ESCRITO, UNHA CARTA, para entendernos – O que dicía, chegoulle unha carta, a Lorenzo, pedíndolle que entregase a galiña polas boas, sen ofrecer resistencia

3- E que fixo Lorenzo?

Sae Lourenzo nunha gravación/ cámara, entrevistador

LOURENZO - Eu non lles deixo que lle toquen a miña pitiña, FALTARÍA MÁIS! Aínda que --- din que só é para que a vexa un veterinario, o certo é que, hai rumores de que a queren matar e facer un bo caldo de pita con ela.

GALIÑA AZUL- Corocó -(botando ás mans á cabeza) Xa me vexo desplumadiña no supermercado do Máster Chef. Aiiii, que forma tan penosa de dar o salto a fama!!! Eu non quero se o ingrediente principal dese caldo!!!!

4- Xa o di a miña avoa “O Caldo de pita recompón a un morto” Alimento obrigado para as que veñen de parir e para doentes.

3- Eu xa o compro no Mercadona, ven en tetrabricks. Quentar e listo!

4- Ti non sabes o que dis! Caldo de pita en tetrabricks!!! Valgame Deus!!

1- Calade, está saíndo a alcaldesa, Manolita Listilla, pola tele.

(Cámara, entrevistador co micrófono, Manolita Listilla)

ALCALDESA- Non se pode tolerar a existencia dunha galiña azul, porque unha galiña azul que pon ovos de cores e que di cocorocó en vez de cacaracá non é unha galiña como é debido. Pode estar contaminada por algún vertido tóxico. Non fora Lourenzo o gañador da viaxe a TOXIC TOUR . COM??? Témome o peor.

2- Que vergoña de gobernantes!!!

1- Nin que o digas, O caso é que o pobo anda todo alborotado e o pobre Lorenzo non levanta cabeza.

2- Antes paseaba todo contento coa súa galiña pola rúa, pero agora está na casa e algúns din que a galiña, a ten disfrazada de branco para que non lla coñezan.

1- Eu non sei que vai pasar, porque os veciños están de parte de Lorenzo e da galiña.

2- Seguiremos este caso de preto. Todos e todas queremos coñecer como rematou o asunto da galiña azul

CLAQUETA - A GALIÑA AZUL ACTO 1

(Casa de Lourenzo. Galiña azul e can durmindo. Levántanse todas as galiñas brancas.)

GALIÑAS BRANCAS: Cacaracá, cacaracá. (Levántanse a galiña azul .)

GALIÑA AZUL: Cocorocó, Cocorocó. (Espreguízase) A levantarse todas, que acaba de cantar o galo

(Lourenzo sae da casa e achégase á galiña.)

LOURENZO: Bo día, Tobi. Bo día, miña amiga galiña. Pon os ovos da mañanciña que imos dar o noso paseo coma todos os días.

GALIÑA AZUL: Cocorocó. Hoxe creo que vou por ovos de cor azul e branco, Un Ovos requetepatriotas

(A galiña pon os ovos e marchan pasear. Van saudando a toda a xente e ás galiñas. O policía municipal observa todo.)

LOURENZO: Bo día, veciños.

VECIÑOS E VECIÑAS: Bo día.

GALIÑA AZUL: Cocoroco (esparexendo coas patas, picotea na xente)

(Ao final do paseo pasan por diante de dúas nenas que están sentadas nun banco xogando a CHOCO-CHOCO-LALA-TE.)

LOURENZO: Bo día, miñas amigas.

GALIÑA AZUL: Cocorocó (achégase e mira, movendo o pescozo) co co ro có

NENA DAS TRENZAS: Mira que é rara a galiña de Lourenzo! Todas as galiñas din cacaracá e ela...cocorocó! Hai que ver!

NENA DO PELO SOLTO: Siiii...pero é tan curriña e simpática! **Non é rara...só é diferente.** Mira o teu pelo...non é raro...é diferente. Ogallá eu o tivese coma ti, que me encanta.

(Mentras Lourenzo, a galiña azul chegan á casa. Na casa está agardando un veciño cun cesto.)

VECIÑO 5 : Bo día, Lourenzo. Vides de dar o paseo?

LOURENZO: Si. Xa estamos de volta. Encántanos!

GALIÑA AZUL: Cocorocó- Estes paseos cárganme de enerxía positiva.

LOUREZO: E que te trae por aquí?

VECIÑO DOS OVOS: Pois viña ver se me podías dar algún ovo, que ando a facer un biscoito e cómprenme un par deles. E como todos os veciños da vila din que os ovos da túa galiña son tan ricos!

LOURENZO: Por suposto. Ademais son fresquiños desta mañá. (Lourenzo dálle os ovos ao veciño. El mira asombrado para eles.)

VECIÑO DOS OVOS: Mira que é rara a túa galiña! (mirando para a galiña) Todas as galiñas poñen ovos brancos ou marróns e ela ponos de cores. Hai que ver!

LOURENZO: Siiii...pero é tan bonita e simpática! **Non é rara...só é ---DIFERENTE.** Mira... ti es o único home da vila que cociña. E non es raro... só diferente. Ogallá houbera máis coma ti.

(O veciño vaise, Lourenzo entra na casa, a galiña azul ao niño e o can á manta.)

CLAQUETA A GALIÑA AZUL - ACTO 2

(O Policía vai ao concello e alí atópase coa alcaldesa.)

POLICÍA: Bo día, señor alcalde.

ALCALDESA MANOLITA LISTILLA: Bo día. Que che trae por aquí?

POLICÍA: Ando moi preocupado. (Achegándose a eal coma se lle falase en segredo.) Hai unha galiña na vila que é moi rara. Todas din cacaracá e ela, cocorocó. E aínda peor...os seus ovos son de cores. De calquera cor menos branca ou marrón. O nunca visto!

ALCALDESA MANOLITA LISTILLA: Certamente que isto é moi preocupante. Agora mesmo tomarei medidas. E de quen é esa galiña tan rara?

POLICÍA: De Lourenzo, Sra. Alcaldesa.

ALCALDE MANOLITA LISTILLA: Moitas grazas por informarme. (Escribe unha carta, dóbraa e dálle ao porteiro.) Lévalle isto canto antes a Lourenzo, por favor.

POLICÍA: (Diríxese á casa de Lourenzo e polo camiño vai contándollo aos veciños.) Ai! Veciños e veciñas! Lévolle unha carta a Lourenzo de parte da alcaldesa Manolita Listilla. Non parece nada bo!

VECIÑOS E VECIÑAS: Ohhh! (Exclaman.)

POLICÍA: (Dálle a carta a Lourenzo.) A alcaldesa Manolita Listilla mandoume entregarche esta carta.

LORENZO: Grazas. (Desdobra a carta e le en alto.)

Estimado Sr. Lourenzo:

Debido a que a súa galiña é moi rara, véxome na obriga de solicitarlle que a entregue o antes posible no concello para que a revise un veterinario a ver se se pode facer algo para que sexa coma as demais.

Atentamente,

A Sra. Alcaldesa, Manolita Listilla.

POLICÍA: Por favor, Lourenzo, non a entregues, que cha van matar.

GALIÑA AZUL: Todo está perdido! Xa teño un pé no outro mundo. Xa me vexo douradiña, ben fritida na mesa da Señora Alcaldesa!! Esto é un sinvivir!!

LOURENZO: Perde coidado miña pitiña, Pois claro que non te vou entregar! Agarde un momento que vou responder ao oficio da Alcaldesa. (Escribe outra carta)

Lévalle esta carta a Sra. Alcadesa, por favor. (Dálle a carta.)

POLICÍA: (Diríxese ao Concello e polo camiño vai contándollo aos veciños.) Ai! Veciños e veciñas! Lévolle unha carta a Alcaldesa Manolita Listilla de parte de Lourenzo. Quérenlle quitar a galiña azul!

VECIÑOS E VECIÑAS: (Berran) Non! Non pode ser! (Quedan a falar entre eles alporizados.)

POLICÍA: (Entrégalle a carta ao Sr. Alcalde.) Traígolle esta carta de Lourenzo.

ALCALDESA MANOLITA LISTILLA: Grazas. (Le a carta.)

Estimado Sra Alcalde Manolita Listilla:

Véxome obrigado a non cumprir o que me pide debido a que se deberon de producir dous erros.

1. A miña galiña non é rara, só diferente.
2. Nin ela nin eu desexamos que sexa coma as demais. Así é ben bonita e simpática.

Atentamente, Lourenzo.

(Os veciños e veciñas seguen alporizados. Achégase un periodista con cámara de vídeo e micrófono ao alcalde. Todos os veciños da vila observan e escoitan.)

PERIODISTA: Sra. Alcaldesa. Os veciños e veciñas da vila andan moi alporizados co tema da galiña azul. Non están de acordo en que a entregue. Que opina ao respecto?

ALCALDESA MANOLITA LISTILLA: Fágoo polo ben de todos. Non se pode tolerar a existencia dunha galiña azul. Unha galiña azul que pon ovos de cores e que di cocorocó en vez de cacaracá non é unha galiña como é debido.

PERIODISTA: Grazas, Sra. Alcaldesa, polas súas palabras. Boas noites.

GALIÑA AZUL - ACTO 3

VECIÑO 1: Bo día. Hoxe tampouco saíu pasear Lourenzo?

VECIÑO 2: Non. Pasou unha semana dende que recibiu a carta e non volveu saír pasear dende aquelas.

VECIÑO 3: Anda tan triste que non levanta cabeza. Din que anda pintando de branco á galiña azul.

VECIÑO 4: Temos que facer algo para axudar. Din que hoxe ás cinco da tarde vai a policía a buscar á galiña azul.

VECIÑO 5: Teño unha idea. Pintemos todas as nosas galiñas de azul e con cinco plumas vermellas e así non poderán distinguila. Vémonos ás cinco diante da casa de Lourenzo.

TODOS OS VECIÑOS: Boa idea! (Todos os veciños se retiran a buscar as súas galiñas.)

LEONCIO –Veciño 4: Eh! De que cor era? (Berrándolle aos veciños.)

VECIÑO 5: Presta atención, Leoncio, que ti es moi despistado. Azul con cinco plumas vermellas. Ai, Leoncio, Leoncio! Non vaias liala!

LEONCIO-Veciño 4: (Dirixíndose ao público.) Claro que non a vou liar. Encántame a cor vermella! Van quedar preciosas todas as galiñas! Marcho a comprar a pintura que non vou chegar a tempo. (Marcha tamén pola súa galiña.)

ACTO 4

(Todos os veciños menos Leoncio están na casa de Lourenzo. Todas as galiñas están azuis. Chega o policía. Intenta atopar á galiña azul.)

POLICÍA: Isto é imposible. Todas as galiñas son iguais!

VECIÑO 1: Pois claro! Que pensabas? Que había algunha rara?

LEONCIO-Veciño 4:(Chega correndo.) Esperade por min. Xa chego coa miña galiña! (Ensina a súa galiña vermella.)

VECIÑO 2: Que era azul, Leoncio!

POLICÍA: (Correndo tras Leoncio.) Esta si que é rara! Como a pille!

LEONCIO-Veciño 4: Deixa a miña galiña, que para gustos, fixéronse cores. (Todos os veciños rin.)

ACTO 5

PERIODISTA: Sra Alcaldesa, que opina do acontecido?

ALCALDESA MANOLITA LISTILLA: (Enfadado.) Cando chova, todo se vai arranxar. As galiñas han perder o tinte e entón... xa veremos!

LOURENZO: (Dirixíndose ao público. Todas as galiñas azuis detrás.) Pero polo de agora, vai moita calor e temos o verán enteiro por diante. Estoulle aprendendo a dicir cacaracá para disimular pero cando queirades saber cal é a verdadeira galiña azul...sabedes que hai que dicir?

GALIÑA AZUL: Cocorocó. (Amósase un cartel que di...cocorocó.)